



O Software Libre nas empresas TIC de Galicia

Edición 2020



XUNTA
DE GALICIA

Índice de Contidos



1. Presentación	Páx. 3
2. Principais resultados	Páx. 5
2.1 Posición global	Páx. 6
2.2 Tipoloxía de software	Páx. 7
2.3 Formación en Software Libre	Páx. 8
2.4 Perspectiva de mercado	Páx. 9
2.5 As empresas como proveedoras de solucións TIC	Páx. 10
2.6 Análise sectorial e provincial do Software Libre	Páx. 11
2.7 Barreiras para non empregar ou ser proveedoras de Software Libre	Páx. 12
2.8 Propostas de actuación	Páx. 13

I. Presentación



I. Presentación

- Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na **"Enquisa ás empresas TIC de Galicia". Edición 2020.**
- Realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.


Obxectivos

Analizar a situación que está a vivir o Software Libre nas empresas TIC de Galicia, tendo en conta unha dobre vertente:


- Implantación e uso dos distintos tipos de software no sector TIC.
- Oferta de produtos e servizos de Software Libre das empresas TIC aos seus clientes.

Metodoloxía da enquisa do OSIMGA

- 454 entrevistas a empresas galegas do sector TIC-.
- Enquisa autoadministrada vía web ou con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefonicamente ou persoalmente para a súa cobertura.
- Traballo de campo: do 9 de setembro ao 6 de novembro de 2020.
- A marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,05\%$



2. Principais resultados




2.1 Posición global

No ano 2020, o uso do Software Libre mantense elevado nas empresas TIC galegas. O 90,6% empregan este tipo de software nos seus equipos informáticos, experimentando un crecemento do 3,9% nos catro últimos anos.



Evolución do Indicador

Empresas con Software Libre nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores).



Fonte: OSIMGA


Evolución do Software Libre

Período 2016 - 2020: +3,9%

2.2 Tipoloxía de Software



Aplicacións de Software Libre / Privativo dispoñibles nas empresas



Fonte: OSIMGA


As aplicacións libres con maior implantación nas empresas TIC galegas seguen a ser os navegadores de internet e as aplicacións ofimáticas libres. Non obstante, cabe salientar que a presenza do software Libre supera ao privativo no caso das aplicacións de "Xestión de contidos web" e nas "Aplicacións para a formación".

2.3 Formación en Software Libre



Evolución do Indicador

Formación en TIC recibida polo persoal técnico e usuario




Un 38,8% de empresas TIC indica que o persoal encargado de actividade informática recibiu formación relacionada co Software Libre e nun 25,5% de empresas TIC se facilitou este tipo de formación ao persoal usuario.

2.4 Perspectiva de mercado



Evolución do Indicador

Previsión da evolución do uso do Software Libre no mercado



Fonte: OSIMGA

O 45,4% das empresas TIC prevé un incremento do uso de software libre no mercado nos próximos anos.

2.5 As empresas como proveedoras de solucións TIC

- Os produtos con licenza libre que máis distribúen as TIC son:
 - Servidor web
 - Xestión de contidos de portais e páxinas web
 - Software de escritorio
 - Servidor de correo

Produtos de Software Libre que ofrecen as Empresas TIC


Base: empresas TIC que ofrecen produtos ou servizos de Software Libre



2.6 Análise sectorial e provincial do software libre




Uso do Software libre por provincia da empresa



- Outro ano máis, as empresas con sede na provincia de Lugo lideran o uso de Software Libre entre as empresas TIC con sede en Galicia, pero en todas as provincias superan o 87%.
- Todos os sectores presentan unha altísima porcentaxe de uso software libre, aínda que as Manufactureiras TIC lideran o seu uso.

Uso do Software libre por actividade da empresa TIC




2.7 Barreiras para non empregar ou ser provedoras de Software Libre




- As principais razóns polas que as empresas non empregan Software Libre son a percepción da "Incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais" e a "Complexidade ou risco de cambio", aínda que esta última percepción decreceu respecto a edicións anteriores deste estudo

- Case a metade das empresas TIC non ofrecen Software Libre porque non está na súa liña de negocio

Barreiras das empresas para non empregar Software Libre



Barreiras das empresas para non ser provedoras de Software Libre




2.8 Propostas de actuación



- Un ano máis, máis da metade das empresas TIC indican que as axudas e subvencións serían a principal medida impulsora do software libre.
- A principal vantaxe que valoran os clientes á hora de dispoñer deste tipo de solucións libres é o "custo" (79,6%),

Accións promotoras do Software Libre que demandan as propias empresas



Aspectos máis valorados dos clientes do Software Libre



